



AMADOR DOMÍNGUEZ PAN (“Jaime Pimentel”)

(A Gándara, Cambre 1916-Prisión da Coruña 1949)


Amador Domínguez Pan era cabo profesional na Escola de Mariñeiría de Ferrol, participando cando a sublevación militar-fascista de xullo do 1936 na defensa da República a bordo do courazado “España”, en reparación no Arsenal de Ferrol e último baluarte militar republicano en Ferrol, rendido o día 22, contra o mediodía.

Amador conseguiu fuxir e pasou á clandestinidade na área de Cambre, Oleiros, Bergondo, ..., protexido por unha solidaria e ampla rede familiar e veciñal. Na compañía doutros fuxidos participou nalgúns enfrontamentos con falanxistas e gardas, destacando a morte do policía José Barcia a comezos do verán de 1939.

No outono do ano 1939 Amador foi detido pola G. Civil e internado na prisión de “la Escollera” do Arsenal naval-militar ferrolán. En consello de guerra foi condenado a 4 anos por deserción e outros 4 por agresión a forza armada, pena reducida posteriormente a tres anos e dous meses. Expulsado da Armada, como “paisano” foi trasladado en xuño do 1942 de “La Escollera” ao castelo de san Felipe de Ferrol, do que saíu en liberdade vixiada o 28 de febreiro do 1943.

Temendo ser desterrado a Lugo, foi agacharse en Bergondo baixo a protección da súa moza, Angelina Nogueira Calviño, coa que tivo un fillo. En agosto do 1944, sentíndose acosado polos Falanxistas locais e séndolle imposible embarcar, na compañía de José María Díaz Pan pasou á loita armada como “Jaime Pimentel”. Este grupo, ao que se sumaron outros combatentes, desenvolveu entre decembro de 1945 e xaneiro de 1946 unha cadea de accións armadas rápidas e moi ben argalladas no triángulo Abegondo, Ordes, Carballo.

Medrando a resistencia armada, coordinada por Marcelino Rodríguez Fernández (“Marrofer”) e á morte deste por Manuel Ponte



Pedreira, os guerrilleiros se estruturaron como “Grupos Volantes” A, B, C, posteriormente (1946) “Destacamentos”, acadando Amador Domínguez a xefatura do denominado “Enrique Lister”, da IVª Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia que comandaba Antonio Seoane.

Nunha dinámica de forte acción-represión, Amador participou en numerosas accións contra caracterizados represores (p. ex. a eliminación de Manuel Doval Lemat en Cambre o 18-IV-1946), golpes económicos contra dereitistas, sabotaxes ás liñas eléctricas e ás vías do tren, sendo notable a ocupación pola guerrilla do pobo da Baña o 12 de xuño de 1946, sancionando ao xefe de Falanxe e requisando unha boa cantidade de armas, retirándose os resistentes en formación presidida por unha bandeira republicana.

En xuño do 1947 Amador decidiu abandonar a loita armada, segundo unhas fontes por influencia da súa moza, segundo outras por desacordo coa liña político-militar, cada vez máis lonxe da súa, inicialmente anarquista. Segundo as informacións recadadas era home experto no monte, decidido na acción e de boa formación cultural. Foi definido como *“inteligente y audaz, valiente y sereno (...) gusta de saber de todo, lo mismo matemáticas que historia”*.

Capturado o 18 agosto do 1948 en Calvelo, Sofán (Carballo) na casa dun enlace, foi xulgado por *“formar partidas armadas”* como remate da causa nº 453/1948, condenado a morte o 14 de novembro do 1948 e agarrotado o 25 de xaneiro do 1949 no cárcere de Coruña.

Bernardo Maiz Vázquez.
O Seixo, Mugar dos.
6 de febreiro do 2017.